


# PROTEXE O TRABALLO DO PERSOAL VETERINARIO NA TÚA EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN



## LEMBRA

- Se na explotación existen traballadores por conta allea, é obrigatorio ter organizada a prevención de acordo coa normativa de prevención de riscos laborais.
- Hai que dispoñer de instalación adecuadas e seguras.
- Procura non realizar traballos cos animais no mesmo recinto.
- Os animais deben estar inmovilizados ou cos movementos limitados se se traballa na proximidade.
- Hai que utilizar os medios de contención axeitados para o exame de gando e para evitar accidentes.
- É preciso manter o gando saneado e instalacións limpas e libres de contaminantes.
- Sempre hai que manter a maquinaria en bo estado.

## EVITA OU MINIMIZA OS RISCOS

- A proximidade ou contacto cos animais causan moitos accidentes nas explotacións gandeiras.
- Coñece as súas reaccións
  - Traballa nunhas instalacións cos medios adecuados, limpas e seguras.

## COORDINA AS ACTIVIDADES QUE CONCORRAN NA EXPLOTACIÓN

Todas as persoas e empresas que traballan na explotación deben estar informadas e coordinar as súas actividades para evitar riscos, garantir a seguridade e fomentar un bo clima laboral.

## PREVENCIÓN NO MANEXO DOS ANIMAIS

- Lembra que os animais son imprevisibles.
- Achégate con suavidade por diante ou lateralmente.
- Acostuma os animais ao contacto coas persoas.
- Non quedes pechado con animais de gran tamaño nunha zona reducida.
- Condúceos en grupo por un lateral, cunha vara, sen agredir.
- Extrema as precaucións en situación de risco.

## A NORMATIVA DE SANIDADE ANIMAL

- Obriga os responsables a poñeren os medios para aplicar as medidas sanitarias con garantía.
- Indica que debes inmovilizar o gando con dificultades de manexo para garantir a integridade física de persoas e animais.
- Sinala que debes reunir e inmovilizar o gando que paste en liberdade en mangas, currais ou explotación para realizar as probas.

## SEGURIDADE NAS ACTUACIÓNS DO PERSOAL VETERINARIO


- Instalacións sempre seguras e limpas.
- Manexo adecuado dos animais.
- Acompañar e colaborar co persoal externo.
- Dispor de medios adecuados para a inmovilización dos animais.
- Evitar que os animais se asusten.
- Non deben estar animais doutras especies soltos ou persoas alleas ao traballo.
- Debe haber espazo suficiente co resto de animais.
- Seguir as instrucións do persoal veterinario.

## ALGÚNS SISTEMAS DE INMOBILIZACIÓN

- Sistemas de amarre posto-coleira.
- Sistemas de cornadiza autotrabante ou trabadiza.
- Sistemas de cornadiza de acceso libre.
- Sistemas de manga de manexo.
- Outros sistemas.




Sistemas de mangas



Sistemas de trabadizas

## ALGUNHAS MEDIDAS DE CONTENCIÓN FÍSICA NOS ANIMAIS



## ALGUNHAS INDICACIÓNES PARA EVITAR RISCOS

### En cortes, currais, coleiras ou trabadizas:

- Se se vai traballar por diante, non efectuar operacións a través dos barrotes con risco de atrapamento e asegurarse da inmovilización da cabeza.
- Lembra que son importantes as medidas adicionais de seguridade antes de que acceda o persoal veterinario.
- Os animais teñen que estar inmovilizados.

### Nas mangas:

Evitar os atrapamentos cos barrotes verticais, reforzar a inmovilización e situarse afastado.

